

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO**

RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2022 pola que se amplía o crédito das axudas previstas na Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento MT402A), tramitado como expediente anticipado de gasto, modificada pola Resolución de 29 de abril de 2022.

A Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento MT402A), tramitado como expediente anticipado de gasto, establece no seu punto sexto 1 que ás axudas que se establecen na devandita resolución destínase un orzamento total de 1.000.000 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 08.80.541E.780.0, código de proxecto 2021 00002, dos orzamentos do Instituto de Estudos do Territorio para o ano 2022.

A dita resolución establece ademais que, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co previsto no 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese este orzamento sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á posibilidade de atender novas solicitudes que poderán recibir a subvención oportuna.

Nestes casos, o órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios en que publicou a convocatoria sen que esta publicación implique unha apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo dos prazos para resolver.

Dada a insuficiencia de crédito da Resolución do 20 de decembro de 2021, modificada pola Resolución do 29 de abril de 2022 pola que xa se ampliou o crédito, para facer fronte ao importe que supón atender todas as solicitudes presentadas, parece oportuno incrementalala en 1.200.000 euros máis, debido a que existe crédito dispoñible na aplicación



orzamentaria 08.80.541E.780.0 que cumpre os requisitos establecidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con este incremento preténdese dar cumprimento ao obxectivo de aumentar a sensibilidade cidadá en relación coas alteracións ou impactos en relación á paisaxe, é dicir, nas que diversas actuacións xeraron transformacións que deterioraron o carácter ou a calidade da paisaxe; así como sensibilizar e fomentar a colaboración cidadá en coordinación coas administracións públicas.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

RESOLVO:

Punto único. Incremento dos créditos

Incrementábase o crédito destinado ao financiamento das axudas previstas na Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento MT402A), tramitado como expediente anticipado de gasto, modificada pola Resolución do 29 de abril de 2022. O importe total do devandito incremento, que se realizará na aplicación orzamentaria 08.80.541E.780.0, é o seguinte:

Código de proxecto	Importe
2021 00002	1.200.000 €

A publicación desta resolución non supón a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio

